



## ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA (VILASANTAR)

**DATOS XERAIS:** A Escola de Agricultura Ecolóxica é un albergue que dispón dos servizos necesarios e que conta con taller de obradoiros, laboratorio, dous invernadoiros e un galiñeiro. Situada na Reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, é un lugar idóneo para disfrutar da natureza, bañado polos ríos Tambre, Cabalar e Gándaras. A zona conta, así mesmo, cun fermoso patrimonio etnográfico, natural e arquitectónico.

**ACCESOS:** O concello de Vilasantar, no interior da provincia da Coruña, é de fácil acceso dende A Coruña da que dista 50 Km.; dende Lugo, a 70 Km e dende Santiago, a 55 Km.

**ENDEREZO:** ESCOLA AGRICULTURA ECOLÓXICA VILASANTAR  
A Matés, s/n  
15685 - Vilasantar

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
27 xullo - 2 agosto	08-09-10-11	<b>SABOREA A VIDA DO RURAL</b> <b>CONTIDOS:</b> Disfrutarás de diferentes actividades: <b>ECOhorta</b> – Actividades de agricultura ecolóxica Coñecerás a actividade da granxa e a estacionalidade dos distintos produtos (semilleiros, recolección, elaboración de produtos, ...) <b>Educación ambiental</b> – Arte baseado na reciclaxe, plantación de árbores autóctonas, herbas aromáticas, clasificación dos desperdicios alimenticios, reciclado de papel, elaboración de xabóns artesanais, ...
10-16 agosto	08-09-10-11	<b>Actividades culturais</b> – proxección de películas, concertos de música e representacións teatrais das/os rapazas/es <b>Actividades deportivas e de aventura</b> – A importancia dunha vida saudable e da realización de exercicio físico. Xogos populares, de orientación, .... <b>Excursións</b> – Rutas de sendeirismo, visitas ao patrimonio cultural e paisaxístico da contorna (O Batán no río Tambre, Raía e Casa de "Foucellas", Mosteiro de Sobrado dos Monxes, ...)

### NORMAS XERAIS:

1. Os/As participantes, así como o equipo técnico, seguirán en todo momento as pautas de prevención e hixiénico-sanitarias determinadas no "Protocolo de actuación para a realización da Campaña de Verán da Xunta de Galicia no marco da crise sanitaria provocada pola Covid-19" dispoñible no enlace

[http://xuventude.xunta.es/images/INFORMACI%C3%93N\\_PROTOCOLO\\_COVID-19.pdf](http://xuventude.xunta.es/images/INFORMACI%C3%93N_PROTOCOLO_COVID-19.pdf)

2. Os/As participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.



3. Ningún/ha participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.

4. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.

5. Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles, se os traen, ou ben poderáse chamar ao teléfono que sexa indicado na reunión de recepción.

6. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberáse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese. Así mesmo, o día de chegada á instalación, dentro das medidas de prevención para facer fronte á Covid-19, tamén se tomará a temperatura á persoa participante a través de dispositivos de lectura biométrica que non impliquen contacto físico.

7. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles, onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase levar o móbil nunha bolsa hermética e poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

9. Na web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), no apartado “**Documentación para presentar (fase de adxudicación)**” están dispoñibles os modelos de documentos (cuestionario de saúde e autonomía persoal (anexo VI), declaración de saber nadar, autorización de imaxes, modelo de aceptación de condicións de participación e de información sobre a Covid-19, modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese).

### **INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **09.00 e as 13.00 horas** no ESCOLA AGRICULTURA ECOLÓXICA VILASANTAR - A Matés, s/n - 15685 - Vilasantar.



**Será preciso avisar con anterioridade á instalación, nos catro días anteriores ao inicio da quenda, nos números de teléfono 693 747 500 / 981 778 055, para favorecer unha chegada graduada dos nenos/as participantes.**

Así mesmo, a persoa participante só poderá vir acompañada por un pai/nai/titor legal, tal e como se establece no protocolo.

- O día de **remate da quenda, a recollida dos/as participantes** deberá facerse entre as **16:00 e as 20.00 horas** na mesma instalación. Seguirase o mesmo procedemento que na chegada, debendo efectuar unha chamada ao número anteriormente indicado nos catro días anteriores ao remate da quenda, no horario sinalado.

### **MATERIAIS NECESARIOS E RECOMENDABLE**

#### **MATERIAL NECESARIO**

Dadas as características das actividades a realizar, e tendo en conta as medidas de prevención que son necesarias adoptar para facer fronte á Covid-19, **é necesario que os nenos/as participantes traian o seguinte material** ao citado campamento:

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Cantimplora
- Chaleco reflectante
- Botas de auga
- Saco de durmir
- Esterilla
- Zapatillas de casa

#### **MATERIAL RECOMENDABLE**

A maiores, é aconsellable levar:

- . Útiles de aseo
- . **Crema protectora solar**
- . Traxes de baño
- . Sandalias pechadas con velcro
- . Sombreiro ou gorra
- . Camisetas
- . Pantalóns curtos ou bermudas
- . Repelente para os mosquitos
- . Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, sudadeiras ou forro polar, ...
- . Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- . Chuvasqueiro





- . Mochila pequena de asa ancha para saídas
- . Roupas interiores suficientes para todos os días da quenda
- . Lanterna
- . Bolígrafo e caderno

**O horario básico da quenda será o seguinte:**

08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h. Almorzo
09.30 h. Organización cuarto
10.00 h. Taller 1
12.00 h. Taller 2
14.00 h. Xantar
15.00 h. Ocio
16.00 h. Actividade 1
18.00 h. Merenda
18.30 h. Actividade 2
20.00 h. Duchas
21.00 h. Cea
22.00 h. Velada nocturna
23.30 h. Descanso